



PREGUNTA ORAL SOBRE A SUPERVISIÓN E O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA NUN ESPAZO NO QUE, INCLUSO, SE DESENVOLVERON ACTIVIDADES CON RESPALDO MUNICIPAL

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os días 6 e 10 de setembro pasados celebrouse en Santiago de Compostela a 4ª edición do Wos Festival, con apoio e promoción municipal. Unha das novidades que se destacaban na rolda de prensa da presentación do citado Festival no Concello era a apertura de novos espazos; un deles, "a sala Montiel", espazo que se asentaba no local dun vello almacén de fontanería.

Durante os días de celebración do Festival sucedéronse as alertas públicas por supostas irregularidades na seguridade e salubridade deste espazo, sen que se teña constancia de ningunha reacción por parte do Concello. Agora sábese que a celebración do Festival se desenvolveu nesa sala sen que mediase, sequera, unha comunicación previa. Esta é posterior, do 20 de setembro, e por riba o día 25 foi declarada a súa ineficacia polo concello e decretada a medida cautelar de impedir o exercicio de actividades mentres non se presentase a documentación acreditativa das medidas de seguridade e salubridade adecuadas, malia o que outras anunciadas actividades da Sala se mantiveron durante semanas.

Cómo se explica que o Concello promocionase e permitise a realización dun festival de música nunha sala na que, segundo o propio concello, non podían realizarse actividades –por falta de acreditación de medidas de seguridade e salubridade–, como se explica a anunciada realización de actividades posterior ao 25 de setembro, e ante a realización de actividades sen cobertura legal (antes e despois de 25 de setembro) cal foi a reacción do concello dacordo co previsto na lei?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017

Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular